



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Nomeamento de persoal eventual*

**Información pública. Nomeamento de persoal eventual**

**Expediente. 2023/G005/000001**

Por resolución desta alcaldía-presidencia núm. 787/2023, do 30 de xuño, adoptouse o seguinte acordo, que se fai público, en cumprimento do establecido no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

«En sesión de data 27 de xuño de 2023, o Pleno municipal adoptou o acordo de manter o posto de persoal eventual existente na actualidade no Cadro de Persoal do Concello, nomeado “Auxiliar de Gabinete de Alcaldía”; así mesmo acordou que as retribucións anuais, para o citado posto, serán de 22.445,54 €, repartidas en 14 pagas.

De acordo coa lexislación vixente nesta materia, especialmente prevista no artigo 12 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico del Empleado Público; art. 176 do R.D. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e arts. 89, 90 e 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL), en uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da LBRL, polo presente **RESOLVO:**

**Primeiro.** Nomear a Rut Matalobos Martínez, con dni núm. \*\*\*2379\*\*, con efectos do 1 de xullo de 2023, para ocupar o posto de traballo de “Auxiliar de Gabinete de Alcaldía” reservado a persoal eventual, en réxime de dedicación exclusiva e coa xornada laboral equivalente á do persoal funcionario de carreira.

As retribucións anuais son as determinadas polo Pleno municipal na sesión do día 27 de xuño de 2023, do seguinte xeito: 22.445,54 €, repartidas en 14 pagas e estarán suxeitas ás variacións que se produzan cada ano, de acordo coa lexislación vixente que regule as variacións das retribucións dos funcionarios municipais, correspondentes ao grupo de asimilación no que o Ministerio de Administracións Públicas clasifique as súas funcións.

**Segundo.** O persoal eventual, en virtude de nomeamento, e con carácter non permanente, sólo realizará funcións expresamente cualificadas de confianza ou asesoramento especial; sendo retribuído con cargo aos créditos presupostarios consignados para ese fin. O seu nomeamento e cese serán libres, e o cese terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade á que preste a función de confianza ou asesoramento. Ao persoal eventual seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

**Terceiro.** Publicar no Boletín Oficial da Provincia este nomeamento, o réxime das súas retribucións e a súa dedicación.

**Cuarto.** Dar conta á intervención e tesourería municipais, aos efectos correspondentes.»

Bergondo, 30 de xuño de 2023

A alcaldesa.

Alejandra Pérez Máquez

2023/5336